



## 3X3 A ESTRADA FUTSAL FESTAS DE SAN PAIO 2024



**DATA: MÉRCORES 26 DE XUÑO**

**LUGAR: PISTA DOS XARDÍNS MUNICIPAIS**

### **REGRAS DE XOGO “FÚTBOL SALA 3X3”**

#### **CATEGORIAS (Maximo 12 equipos por categoria)**

- **Benxamín - Alevín**
- **Infantil - Cadete**
- **Xuvenil – Senior**

*\* Os equipos poden ser de formación libre: masculinos, femininos ou mixtos, dependendo dos equipos participantes. Si non houbese suficientes equipos dalgunha categoría uniríanse á inmediatamente superior.*

**REGRA I.- TERREO DE XOGO.** Terá unhas dimensións de 16 x 10 m, con 2 porterías de tamaño reducido.

**REGRA II.- NÚMERO DE XOGADORES.** O partido será xogado por dous equipos composto cada un por 3 xogadores, non existe a figura do porteiro, non podendo tocar a pelota coa man ningún xogador.

Cada equipo estará formado por 4 compoñentes. Os cambios poderanse efectuar en calquera momento do partido sempre que o xogador a quen substitúa abandone o terreo de xogo. Os xogadores substituídos poden volver participar no xogo.

Si ao comezo dun partido únicamente están presentes dous compoñentes do mesmo, disputarase o partido coa inferioridade numérica que exista. Si no transcurso do encontro se incorporase outro/a compoñente do equipo, este/a poderá actuar ese instante previa solicitude ao árbitro.

**REGRA III.- DURACIÓN.** Os partidos terán unha duración de 7 minutos. (o tempo poderase modificar dependendo do número de equipos). Non existirán os tempos mortos. Nas eliminatorias finais, en caso de empate, lanzaranse 3 penaltis por equipo dende o campo contrario.

**REGRA IV.- SAQUE DE CENTRO.** Realizarase para dar inicio ao partido, unha vez realizado o sorteo, e logo de conseguir cada gol, para reanudar o xogo.

**REGRA V.- SAQUE DE BANDA e DE ESQUINA.** Si a pelota sae do recinto por un dos laterais, porase en xogo mediante un saque de banda. Realizarase co pé. De saque de esquina será posible marcar gol, non así, de saque de banda.

**REGRA VI.- DEFENSA.** Poderase defender en todo o campo e a defensa será libre.

**REGRA VII.- SAQUE DE META.** Cando a pelota salga do terreo de xogo polos fondos realizarase un saque de meta. Realizarase cos pés.

**REGRA VIII.- O PENALTI.** O punto de penalti situarase a 14 metros da liña de meta. Os xogadores deberán estar no interior do campo de xogo, detrás do xogador que vai lanzar o penalti. Na portería non haberá porteiro. Castigarase con penalti cando o balón se toque coa man ou cando, cunha falta, se evite unha clara xogada de gol.

**REGRA IX.- TIROS LIBRES.** Todos os tiros libres son directos.

**REGRA X.-** NORMATIVA. As demais normas de xogo serán as aplicadas no Regulamento de Fútbol Sala.

**REGRA XI.-** O ÁRBITRO. Cada partido será dirixido por un árbitro.

**REGRA XII.-** CONTROLADOR. Haberá un controlador/a por parte da organización, por cada partido, que en caso de conflito, teña a última palabra e actúe de mediador/a, o será o encargado de controlar a duración do partido e facer que se cumpran as normas.

**REGRA XIII.-** ENLACE. Haberá un enlace por parte da organización, que se encargará de avisar aos equipos e levar os resultados á mesa de control.

**REGRA XIV.-** MESA DE CONTROL. A organización controlará a competición e actuará como comité de competición, decidindo as sancións ante condutas antirreglamentarias e antideportivas, existindo a posibilidade de recurso oral por parte do capitán do equipo afectado.

**REGRA XV.-** SANCIONES: 3 faltas do mesmo xogador será obxecto de exclusión, sendo substituído por outro compañeiro. A partir da QUINTA FALTA e do QUINTO FÓRA DE BANDA, castigarase ao equipo infractor cun lanzamento de penalti. Si algún participante, tivese unha actitude antideportiva será expulsado do partido e non poderá participar no seguinte.

**REGRA XVI.-** EQUIPACIONES. Recoméndase a todos os equipos ir uniformados. En caso de non posuír equipación, a organización dispoñerá de petos de cores diferenciadas.

**REGRA XVII.-** DESCALIFICACIONES. Eliminarase ao equipo que:

- Incurra en alineación indebida. A información recibida na folla de inscrición, pode ser comprobada en calquera momento, e si existe algunha falsedade esta será responsabilidade do capitán e o equipo será descalificado.
- Proceda mediante conduta antideportiva: pelexas, agresións, insultos.
- Si non se presentan ao partido un número mínimo de xogadores para disputalos ao comezo.

TODO O QUE NON SE ATOPE RECOLLIDO NESTA NORMATIVA, RESOLVERASE A CRITERIO DO COMITÉ DE COMPETICIÓN E NA NORMATIVA DE FÚTBOL SALA DA REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL SALA.

**REGRA XVIII.-** INSCRIPCIONES.

- As inscricións realizaranse mediante formulario propio para o evento.
- Na categoría xuvenil/senior no momento de formalizar a inscrición para o 3x3 do “A Estrada Futsal – Festas de San Paio 2024”, deberán de facer como fianza por “bizum” no número de teléfono 676667527 de 20 € (vinte euros) co fin de evitar a ausencia/renuncia/baixa na competición ou a non comunicación á organización, privando da participación a equipos que poidan quedar en lista de espera.
- Dita fianza devolverase o día do torneo, no momento que o equipo finalice a fase de grupos na categoría correspondente.
- O día do torneo, todos os xogadores deberán levar DNI ou documento que os acredite.

## **NORMAS ORGANIZATIVAS**

### **A organización do Torneo**

1. Resérvase o dereito de excluír da competición a calquera equipo que incurra en actitudes manifestamente antideportivas, que poñan en risco o correcto desenvolvemento da competición.

2. Atenderá cantas solicitudes se lle fagan por parte dos equipos participantes, para salvagardar os seus dereitos.
3. Resérvase o dereito de gravar, fotografar e rexistrar imaxes e sons do Torneo para a súa utilización como información ou publicidade do mesmo.

**Os Participantes:**

- 1.- Recoñecen especificamente a NON RESPONSABILIDADE da Organización, Patrocinadores nin Colaboradores do Torneo, sobre posibles lesións producidas ou derivadas da participación no mesmo, así como en custodia dos enseres persoais dos participantes ante a súa perda, desaparición ou roubo.



## INSCRIPCIÓNS

- As inscricións realizaranse a través do Club Deportivo **A ESTRADA FUTSAL** (vía correo electrónico). ***aestrada.futsal@gmail.com***

- Os datos necesarios son: nome, data nacemento, dni (o cal ten que ser presentado antes de cada partido) e **firma (Obrigatorio tanto do xogador como do pai/nai en caso de ser menor de idade)**.

- Serán válidas as inscricións realizadas ata 5 días antes da disputa do torneo a non ser que xa se cubrira o máximo de 12 equipos (para poder facer os emparellamentos con tempo suficiente)

-A Inscrición no Torneo supón a **TOTAL ACEPTACIÓN** das Regras e Normas recollidas no presente documento, por parte dos participantes.

|   |  |   |
|---|--|---|
|  | <b>3X3 A ESTRADA FUTSAL<br/>FÚTBOL SALA<br/>2024</b> |  |
|---|--|---|

|                               |   |   |  |          |
|-------------------------------|---|---|--|----------|
| NOME/TLFN.<br>CONTACTO        |   |   |  |          |
| CATEGORÍA                     | BENXAMIN/ALEVIN<br><input type="checkbox"/> | INFANTIL/CADETE<br><input type="checkbox"/> | XUVENIL/SENIOR<br><input type="checkbox"/> |          |
| NOME DO EQUIPO                |   |   |  |          |
| <b>XOGADORES/AS</b>           |   |   |  |          |
|                               | NOME  | DATA NAC.                                   | DNI  | SINATURA |
| 1                             |   |   |  |          |
| 2                             |   |   |  |          |
| 3                             |   |   |  |          |
| 4                             |   |   |  |          |
| <b>*CONSENTIMENTO PAI/NAI</b> |   |   |  |          |
| 1.DNI/SINATURA                | 2.DNI/SINATURA                              | 3.DNI/SINATURA                              | 4.DNI/SINATURA                             |          |
|                               |   |   |  |          |

**\*OBRIGATORIO. En caso de ser menores de idade asinará, tamén, o pai/nai ou titor/a legal.**